

Mapa das mulleres do mar da provincia da Coruña



Deputación
DA CORUÑA



Índice de contidos

Introdución	5
A Deputación da Coruña e o compromiso coa promoción da igualdade	5
Necesidade dun mapa de mulleres do mar da provincia	6
Metodoloxía para a elaboración do mapa	7
Fases de traballo	7
FASE 1: Recompilación de información secundaria e fontes de información	7
FASE 2: Traballo de campo	9
FASE 3: Elaboración do mapa das mulleres do mar e material divulgativo	10
As mulleres do mar na provincia da Coruña	11
Delimitación do colectivo das mulleres do mar	12
Unha visión global: as mulleres do mar, en cifras	14
Mulleres do mar no sector primario	18
As mulleres na industria da transformación de produtos pesqueiros	30
As mulleres na comercialización dos produtos pesqueiros	34
Redeiras	40
Asociacións de mulleres do mar	43
Conclusións	45
ANEXO 1. Fontes de información	48
ANEXO 2: Folleto	49
ANEXO 3: Infografías	50
ANEXO 4: Material gráfico para redes sociais	53

Introdución

A Deputación da Coruña e o compromiso coa promoción da igualdade

A Deputación da Coruña reforza a súa traxectoria no desenvolvemento de proxectos de igualdade mediante a elaboración deste mapa das mulleres do mar da provincia da Coruña.

A Deputación da Coruña consolidándose como administración chave para facilitar o desenvolvemento de políticas de igualdade e contra as violencias machistas nos concellos, promovendo e apoiando diferentes actuacións preventivas e/ou de intervención social para facer real e efectiva a igualdade entre mulleres e homes na provincia.

Anualmente a Deputación da Coruña asina convenios singulares con diferentes entidades e leva a cabo proxectos, servizos e actividades propias que afondan na promoción da igualdade de xénero. Neste caso, a Deputación da Coruña apóiase na Asociación Nacional de Mujeres en la Pesca (ANMUPESCA), que representa a un amplo colectivo de traballadoras do mar.

Un dos principais retos identificados por parte de ANMUPESCA é a falta de datos sobre a presenza das mulleres do mar nas distintas profesións vinculadas a este motor económico no territorio. O paso previo á aplicación de políticas públicas efectivas que afonden na igualdade de xénero é o de coñecer os datos de ocupación das mulleres nos distintos sectores. Este mapeo das mulleres do mar permitirá dimensionar o colectivo, un primeiro paso fundamental para achegarse á realidade do sector e analízalo con perspectiva de xénero.

Necesidade dun mapa de mulleres do mar da provincia

Galicia é un territorio que só pode entenderse dende un vínculo ligado ao mar, e a forza do sector pesqueiro é palpable nas zonas de costa. Ademais da súa importancia cultural, o mar foi, e continúa sendo, motor económico de moitas vilas e comunidades pesqueiras.

Se ben as mulleres galegas foron e continúan sendo parte fundamental do sector primario, as profesións do mar vincúlanse no imaxinario colectivo ás figuras masculinas. As mulleres galegas sempre formaron parte activa do sector pesqueiro, pero como en tantos outros sectores profesionais, a súa labor foi invisibilizada.

Se ben é certo que o colectivo de mulleres do mar ostenta un maior recoñecemento social que no pasado, o camiño cara á igualdade no sector pesqueiro aínda é longo. A presenza desigual por sexo nas distintas profesións, fortemente masculinizadas ou feminizadas, dá conta da segregación laboral aínda presente en función dos roles tradicionais de xénero. Así mesmo, a presenza anecdótica das mulleres nos postos de representación, xunto con outros retos asociados ás condicións sociolaborais, fan preciso continuar promovendo iniciativas que reforcen o papel das mulleres do sector pesqueiro.

O primeiro paso consiste en definir o colectivo de mulleres do mar e dimensionalo. A planificación e execución de políticas públicas que melloren as condicións sociolaborais das mulleres do sector pesqueiro pasa por coñecer cal é a súa realidade. Deste xeito, poderán poñerse en práctica solucións ás desigualdades detectadas.

As institucións públicas tamén poñen énfase na necesidade de coñecer datos que delimiten ao colectivo de mulleres do mar. Máis en concreto, o *"Plan para la igualdad de género en el sector pesquero y la acuicultura 2021 – 2027"*, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, fai referencia no seu II Eixe, á necesidade de "progresar no coñecemento da realidade laboral das mulleres do sector, para reducir as fendas de xénero."

Este mapa das mulleres do mar da provincia da Coruña realiza unha aproximación á dimensión do colectivo, facendo visible a súa distribución territorial na provincia da Coruña, e delimitando a distribución sectorial das mulleres no sector pesqueiro. O traballo de campo permitiu afondar nas principais necesidades das profesionais, xerando un recurso accesible, en liña e visual. Mediante a visita aos seus espazos de traballo complementáronse os datos distribuídos no mapa da liña costeira con fotografías das profesionais, o que incide na visibilización da presenza das mulleres do mar ao longo da cadea de valor do sector pesqueiro.

Metodoloxía para a elaboración do mapa

Fases de traballo

Os traballos para construír o mapa das mulleres do mar deron comezo coa petición de información cuantitativa a diversas fontes de información. Unha vez recibidos os datos e tras a súa análise estatística, planificouse o traballo de campo, tendo en conta a representación territorial e a distribución das mulleres ao longo da costa da provincia da Coruña. Por último, elaborouse a ferramenta virtual do mapa das mulleres do mar e o material de difusión, co obxectivo de dar maior visibilidade á información relativa aos distintos sectores profesionais dos que forman parte as mulleres do mar. Os traballos desenvolvéronse entre agosto e novembro do ano 2023.

Táboa. Fases para a elaboración do mapa de mulleres do mar

FASE 1 Recompilación de datos secundarios das mulleres do mar	FASE 2 Traballo de campo	FASE 3 Mapa das mulleres do mar e material divulgativo
Petición de datos de afiliación á Seguridade Social (Fonte: Instituto Galego de Estatística)	Sistematización da información sobre os datos recibidos	Vertido de información cuantitativa no mapa provincial, distribuído en capas sectoriais
Petición de datos sobre persoas asociadas ás confrarías de pescadores (Fonte: Consellería do Mar)	Visitas aos espazos de traballo das mulleres do mar (entrevistas semi estruturadas e material gráfico)	Elaboración de material de difusión: notas de prensa, redes sociais e pestana do proxecto na páxina web da Deputación da Coruña
Petición de datos afiliación CNO 7618 (Fonte Instituto Social da Mariña)		

FASE 1: Recompilación de información secundaria e fontes de información

- Instituto Galego de Estatística (IGE)

Son os datos tomados como referencia, que corresponden ás afiliacións á Seguridade Social en distintos epígrafes durante o ano 2023. Os epígrafes consultados foron os seguintes: CNAE 0311 (Pesca Mariña), CNAE 0321 (Acuicultura), CNAE 1021 (Procesado de pescados, crustáceos e moluscos), CNAE 1022 (Fabricación de conservas de pescado), CNAE 4638 (Comercio maiorista de peixe e marisco e outros produtos) e CNAE 4723 (Comercio minorista de peixes e mariscos en establecementos especializados).



En relación a esta fonte hai que sinalar os seguintes aspectos:

- Os datos recóllense por trimestres, concretamente reflicten o dato do último día do mes onde finaliza o trimestre. A efectos da presentación gráfica na aplicación Google Maps optouse por presentar o último dato dispoñible, 31 de marzo de 2023.
 - Para as persoas traballadoras por conta allea considérase o domicilio da conta de cotización e para as persoas traballadoras por conta propia considérase o domicilio de residencia da persoa.
 - Os datos solicitados refírense ao conxunto de mulleres traballadoras, independentemente do réxime de cotización (Especial do Mar, Xeral, Autónomas...).
 - Dado que a información foi solicitada por actividades CNAE-09 contabilízase unha persoa por actividade. Se unha mesma persoa está dada de alta en diferentes actividades contabilízase unha vez por cada unha das actividades. Hai que ter en conta este elemento á hora de facer sumatorios do conxunto de actividades vinculadas ao sector pesqueiro, dado que poden presentarse duplicidades.
 - Hai información que por mor do segredo estatístico non foi facilitada, ao seguir a política de protección de datos do Instituto Galego de Estatística. Esta circunstancia prodúcese cando hai menos de tres persoas nunha unidade territorial, que neste caso era o concello. Deste xeito, evítase que haxa unha posible identificación da persoa por parte de terceiros. Sempre e cando non haxa información por mor desta circunstancia optouse por poñer a etiqueta "Menos de 3 persoas". Para o cálculo de sumatorios por unidades territoriais non se tivo en conta esta información, dada a súa escasa relevancia.
- Consellería do Mar (Servizo de Apoio e Relación coas Organizacións Sectoriais)

Co obxectivo de ter maior concreción sobre as actividades vinculadas á pesca e á acuicultura mariña, solicitáronse datos sobre persoas asociadas ás confrarías de pescadores da provincia da Coruña. A Consellería do Mar conta con datos de Permisos de Actividades, o que nos permitiu afondar nos sectores específicos nos que se desenvolven as mulleres do mar.

Recolléronse os datos dispoñibles segundo a última actualización, en xuño de 2023. Ditados datos son subministrados polas propias confrarías tras unha revisión periódica do seu número de persoas afiliadas.

- Instituto Social da Mariña

Remitiuse unha consulta de datos para o ano 2022 sobre a CNO 7618 "Artesáns en tecidos, coiros e materiais similares, preparadores de fibra e tecedores con teares artesáns ou de tecidos de punto e afíns", no que se encadran as redeiras.

Os datos facilitados estaban agregados a nivel de dúas direccións provinciais: A Coruña e Vilagarcía de Arousa, esta última acolle a concellos da provincia da Coruña como Boiro, Dodro, Padrón, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Rois e Santa Uxía de Ribeira, xunto con outros concellos da provincia de Pontevedra.

Por tanto, e dada a imposibilidade de referenciar os datos a nivel local a través desta fonte, optouse por facer unha consulta ao Instituto Galego de Estatística sobre o dato de afiliacións á CNAE 1394 (Fabricación de cordas, cordeis e redes) debido a que non hai datos dispoñibles seguindo a nomenclatura CNO.

Os datos facilitados polo IGE indicaban un volume de redeiras notablemente máis baixo que o facilitado pola Instituto Social da Mariña, 117 fronte a 197, e, ademais, a maioría dos datos facilitados a nivel local estaban protexidos por segredo estatístico polo que foi imposible realizar unha asignación territorial. Por todo isto, descartouse esta fonte para a elaboración do mapa.

Finalmente, optouse por reflectir o dato de redeiras segundo afiliacións a CNO 7618 na liña de zona costeira, destacando a nivel local o número de afiliadas ás asociacións sectoriais.

FASE 2: Traballo de campo

Durante os meses de setembro, outubro e novembro do ano 2023 realizouse o traballo de campo, desenvolvendo visitas á Asociación de redeiras de Cariño, Asociación de redeiras de Malpica, Asociación de redeiras de Corme, Mariscadoras a pé da Confraría de pescadores da Pobra do Caramiñal, Asociación Mar da Pobra, Mariscadoras a pé da Confraría de pescadores de Cabo de Cruz, Asociación de redeiras Porto do Son, Asociación de redeiras Portosín, Prazas de abastos de Mugardos e á Confraría de Barallobre (Lonxa).

Así mesmo, estas visitas presenciais complementáronse con contactos telefónicos a outras institucións, entidades e empresas relevantes do sector pesqueiro na xeografía da costa, con tres obxectivos principais:

- Difundir a posta en marcha do proxecto entre a poboación pesqueira
- Conseguir fotografías das mulleres do mar nos seus postos de traballo, que apoién visualmente os datos no mapa
- Afondar nas necesidades e retos identificados polas mulleres, máis alá das participantes nas visitas ao territorio

Agradecemos a colaboración activa das confrarías de pescadores, así como das asociacións de mulleres do mar no territorio, que cooperaron para a elaboración deste mapa compartindo a súa experiencia, necesidades e tamén fotografías.




FASE 3: Elaboración do mapa das mulleres do mar e material divulgativo

Os resultados tanxibles deste proxecto son o mapa virtual, dispoñible na páxina web da Deputación da Coruña, e o material divulgativo sobre os datos, necesidades e profesións das mulleres do mar da provincia da Coruña, que presentamos no Anexo 3.

Nas seguintes páxinas afondamos nos datos recollidos, presentando a información por colectivos profesionais. Esta ordenación permite visualizar a importancia das mulleres nos distintos sectores profesionais a nivel provincial. Afondamos tamén nas cuestións de xénero relacionadas co desempeño laboral das mulleres do mar nas distintas actividades profesionais.

Pódese acceder ao Mapa das mulleres do mar premendo neste [enlace](#).



As mulleres do mar na provincia da Coruña

Neste apartado expóñense os datos proporcionados polas diversas fontes consultadas. As táboas de datos presentadas a continuación complementan a información dispoñible no mapa virtual, permitindo unha visualización e análise dos datos diferente. A información ordénase gardando coherencia coas capas seleccionables do mapa virtual.

Para comprender os datos presentados a continuación, é preciso facer referencia a un termo empregado no ámbito do traballo dende a perspectiva de xénero: a **segregación ocupacional de xénero**. Este termo refírese ao fenómeno polo que as traballadoras e os traballadores acceden ao mercado de traballo de forma diferenciada: tenden a concentrarse en distintos sectores e ocupacións en función do seu sexo.

A segregación ocupacional de xénero supón un **problema social, político e económico**, dado que esta tendencia (a concentración dun ou outro sexo en distintas ocupacións), é un dos principais factores que explican a fenda salarial entre homes e mulleres.

A segregación ocupacional de xénero ten a súa xénese na **división sexual do traballo** e tamén nos **roles de xénero**. Unha das consecuencias da segregación ocupacional de xénero é que as ocupacións feminizadas están desvalorizadas (económica e socialmente) fronte as masculinizadas.

De forma paralela, os avances sociais en termos de igualdade amosan un fenómeno relacionado: os datos de evolución de distintas afiliacións á Seguridade Social indican que as mulleres incorpóranse ás profesións masculinizadas en menor medida que á inversa, fenómeno no que inciden variedade de mecanismos. Se ben as mulleres son pezas fundamentais no tecido laboral, hai profesións nas que aínda son unha minoría. O sector pesqueiro non é alleo a este fenómeno social, senón que reflicte estas situacións en diversas profesións, algunhas altamente **masculinizadas e feminizadas**.

Unha vez descrito este fenómeno, imprescindible para analizar e entender os datos presentados a continuación, analizamos a información recabada sobre as mulleres do mar na Provincia da Coruña.

Delimitación do colectivo das mulleres do mar

O Instituto Social da Mariña, a través da Ley 47/2015 define e recolle os colectivos profesionais que poden cotizar na Seguridade Social baixo o Réxime Especial do Mar. Para a elaboración deste mapa considerouse a necesidade de ampliar estes colectivos, dada a relevancia do papel das mulleres galegas en sectores específicos non asimilados no Réxime Especial do Mar, pero concibidos socialmente como profesións do sector pesqueiro (a industria das conservas ou as peixeiras).

A propia Ley de Pesca reconece o seu carácter amplo en canto aos colectivos profesionais, sinalando que *"Se deja abierta la posibilidad de inclusión en el Régimen a cualquier otro colectivo de trabajadores que desarrolle una actividad marítimo-pesquera y cuya inclusión en este Régimen sea determinada por el Ministerio de Empleo y Seguridad Social."*

A continuación expóñense os colectivos profesionais do mar contemplados polo Instituto Social da Mariña a través da Ley 47/2015, xunto coas ocupacións e actividades incluídas neste mapeo das mulleres do mar.

Táboa: Profesións recollidas na Ley 47/2015 e profesións contempladas na elaboración do mapa das mulleres do mar

Ley 47/2015	Mapeo das mulleres do mar
Por conta allea: - Traballadores a bordo de embarcación - Extractores de produtos do mar - Estibadores portuarios - Traballadores administrativo, técnico ou subalterno de empresas marítimo – pesqueiras e confrarías - Persoal que presta servizos en plataformas fixas susceptibles de exploración / explotación de recursos mariños - Persoal de investigación, observadores de pesca e persoal de seguridade a bordo - Actividades de acuicultura - Mergulladores con titulación profesional en actividades industriais - Mergulladores extractores de recursos mariños - Redeiros e redeiras - Traballos de administración, técnico e subalterno de empresas estibadoras - Prácticos de porto Por conta propia: - Extracción de produtos do mar - Redeiros e redeiras - Armadores de pequenas embarcacións - Actividade marítimo – pesqueira a bordo - Acuicultura - Mariscadores, percebeiros, recolletores de algas e análogos - Neskatillas e empacadoras - Mergulladores extractores de recursos mariños - Mergulladores con titulación profesional en actividades industriais - Prácticos de porto	- CNAE 0311: pesca mariña - CNAE 0321: acuicultura mariña - CNAE 1021: procesado de pescados, crustáceos e moluscos - CNAE 1022: fabricación de conservas de pescado - CNAE 4638: comercio por xunto de pescados, mariscos e outros produtos alimenticios - CNAE 4723: comercio ao retallo de pescados e mariscos en establecementos especializados - CNO 7618: Redeiras

Dada esta amplitude de actividades profesionais vinculadas ao mar, é difícil acoutar un número exacto de persoas traballadoras no sector pesqueiro. Para este traballo, considerouse tomar como referencia unha mirada ampla, contemplando as afiliacións á Seguridade Social nas actividades económicas que abranguen ao sector primario (pesca e acuicultura mariña), transformación (procesado e fabricación de conservas de pescado), e comercialización (comercio maiorista e minorista de pescados e mariscos), tendo en conta a cadea de valor dos produtos pesqueiros. Así mesmo, contemplouse ao colectivo de redeiras, dada a relevancia deste colectivo na provincia da Coruña.



Mariscadoras a pé da Confraría de Pescadores do Barqueiro

Unha visión global: as mulleres do mar, en cifras

Galicia conta cun total de 36.036 persoas afiliadas á Seguridade Social nas CNAEs sinaladas, que abranguen dende o sector primario, a transformación dos produtos pesqueiro, e a súa comercialización. Tendo en conta estas CNAEs, o 42,3% son mulleres: 15.227 profesionais dedícanse a distintas actividades profesionais ligadas ao mar. Os homes forman un colectivo de 20.809 traballadores no conxunto do territorio galego.

Poñendo o foco na provincia da Coruña, as actividades profesionais vinculadas co mar reúnen a 15.217 persoas, das que o 41,9% son mulleres. Nos 95 concellos da provincia, hai un total de 6.380 mulleres do mar afiliadas á Seguridade Social nas CNAEs comentadas. Porén, o número total de mulleres do mar é aínda superior, xa que nestas CNAEs non están contempladas outras profesionais, como as redeiras, as biólogas mariñas, as estibadoras dos portos pesqueiros ou o persoal traballador nas estruturas das confrarías de pescadores. Esta cifra global, por este motivo e os sinalados na metodoloxía, debe ser considerada con cautela.

Táboa. Poboación pesqueira en Galicia e na provincia da Coruña por sexo e peso relativo, nas CNAEs 0311, 0321, 1021, 1022, 4638 e 4723. Ano 2023

Territorio	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Galicia	15.227	20.809	36.036	42,3%
Provincia A Coruña	6.380	8.837	15.217	41,9%

Fonte: IGE

Ribeira, Boiro e A Pobra do Caramiñal son os concellos onde existe un maior número de mulleres do mar, con 1.251, 1.242 e 1.047 profesionais respectivamente. O peso da industria conserveira na zona do Barbanza explica a importancia do tecido económico do sector pesqueiro nestes territorios, sobre todo no que tocante ao emprego feminino. Como veremos máis adiante, a CNAE 1022 (fabricación de conservas de pescado) é un sector de gran dinamismo laboral para as mulleres da zona costeira. Tanto é así que as maiores porcentaxes de peso relativo de mulleres do mar na provincia danse nestes concellos: na Pobra do Caramiñal as mulleres do mar supoñen o 63% da poboación pesqueira, mentres que en Boiro supoñen o 57,4%.

A Coruña sitúase como o cuarto concello con maior número de persoas afiliadas á Seguridade Social nas CNAEs sinaladas (1.199), se ben as mulleres só supoñen o 29,4% das profesionais neste territorio. Como veremos máis adiante, a tipoloxía de actividade predominante no territorio marcará a presenza ou ausencia de mulleres nos concellos.

A distribución de profesionais ao longo da zona costeira describe a importancia social e cultural do mar, sendo en moitos municipios un motor económico para a poboación. A industria conserveira na zona do Barbanza, o marisqueo tamén en Arousa Norte e na Ría de Muros Noia, a pesca de baixura na Costa da Morte, a comercialización na Coruña, e as artes menores e a acuicultura no Golfo Ártabro constrúen unha comunidade pesqueira que constrúe e que explica o carácter dos territorios.

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Táboa. Distribución territorial profesionais do mar por sexo e peso relativo nas CNAEs 0311, 0321, 1021, 1022, 4638 e 4723. Ano 2023. 2023

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Total Provincia A Coruña	6.380	8.837	15.217	41,9%
Ribeira	1.251	1.655	2.906	43,0%
Boiro	1.242	923	2.165	57,4%
Pobra do Caramiñal, A	1047	616	1.663	63,0%
Coruña, A	352	847	1.199	29,4%
Carballo	381	308	689	55,3%
Rianxo	246	350	596	41,3%
Noia	202	337	539	37,5%
Camariñas	133	339	472	28,2%
Carnota	145	280	425	34,1%
Muros	132	254	386	34,2%
Porto do Son	97	259	356	27,2%
Cambre	148	131	279	53,0%
Cedeira	28	216	244	11,5%
Fisterra	15	214	229	6,6%
Arteixo	129	97	226	57,1%
Outes	102	124	226	45,1%
Malpica de Bergantiños	14	176	190	7,4%
Ferrol	40	144	184	21,7%
Cariño	32	141	173	18,5%
Narón	53	107	160	33,1%
Sada	32	127	159	20,1%
Ponteceso	16	107	123	13,0%
Cee	35	82	117	29,9%
Bergondo	38	77	115	33,0%
Muxía	14	100	114	12,3%
Santiago de Compostela	37	70	107	34,6%
Culleredo	50	52	102	49,0%
Oleiros	29	62	91	31,9%
Laxe	4	75	79	5,1%
Dodro	34	32	66	51,5%
Mugardos	21	40	61	34,4%
Fene	18	34	52	34,6%
Ames	9	38	47	19,1%
Pontedeume	14	32	46	30,4%
Carral	22	22	44	50,0%
Ares	9	27	36	25,0%
Lousame	16	16	32	50,0%
Valdoviño	7	24	31	22,6%
Ortigueira	10	20	30	33,3%
Cabana de Bergantiños	18	10	28	64,3%
Neda	8	18	26	30,8%
Laracha, A	0	25	25	0,0%

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Miño	7	15	22	31,8%
Teo	12	10	22	54,5%
Vimianzo	3	18	21	14,3%
Cerceda	10	10	20	50,0%
Mañón	8	7	15	53,3%
Corcubión	0	13	13	0,0%
Melide	6	6	12	50,0%
Betanzos	5	4	9	55,6%
Mazaricos	0	8	8	0,0%
Padrón	3	5	8	37,5%
Aranga	0	7	7	0,0%
Vilasantar	4	3	7	57,1%
Santa Comba	0	6	6	0,0%
Zas	0	5	5	0,0%
Abegondo	0	4	4	0,0%
Boqueixón	3	0	3	100,0%
Dumbría	0	3	3	0,0%
Oroso	0	3	3	0,0%
Paderne	3	0	3	100,0%

Fonte: IGE

É preciso insistir, de novo, na prudencia ao analizar estes datos e o seu sumatorio. As CNAEs seleccionadas contemplan unha parte fundamental do sector pesqueiro, pero estes datos exclúen outras profesións do sector pesqueiro. Así mesmo, as afiliacións á Seguridade Social nestas categorías profesionais amosan unha fotografía estática sobre o sector, que serve de aproximación á dimensión do colectivo.

A continuación amósase a información segundo colectivos profesionais.

Mulleres no sector primario




Mulleres do mar no sector primario

O colectivo das mulleres do sector primario está formado por mariscadoras a pé e a flote, pescadoras, percebeiras e recolectoras de algas, entre outras profesións vinculadas ás confrarías de pescadores. Para presentar esta información no mapa virtual optouse por empregar os datos recollidos pola Consellería do Mar, xa que teñen maior concreción sobre as profesións que os datos proporcionados polo IGE.

No mapa sinálanse as 35 Confrarías de pescadores na provincia, e a Federación Provincial de Confrarías de pescadores da Coruña, que engloba os intereses do conxunto de poboación pesqueira da provincia.

Cada punto de referencia no mapa describe polo miúdo a presenza das mulleres nos distintos territorios e profesións, que analizamos a continuación. Navegando no mapa, cada punto de referencia conta con información de contexto sobre a poboación pesqueira que reúne, as actividades nas que se especializa, a relación con outros equipamentos dos portos pesqueiros, e fotografías.

Fotografía. Captura de pantalla do mapa das mulleres do mar: capa das mulleres no sector primario



Na provincia da Coruña hai un total de 5.437 persoas asociadas ás confrarías de pescadores, das que un cuarto (o 25,3%) son mulleres: 1.348. Por tamaño, é a Confraría de Noia a que destaca en número de persoas asociadas, sendo a maior de toda Galicia (1.346 persoas). Séguelle Rianxo, con 518 persoas, e Ribeira (355) e Cabo de Cruz (324). Estas confrarías, a excepción de Ribeira, son as que concentran maiores cantidades de mulleres asociadas, dada a súa especialización na actividade do marisqueo a pé, que continúa sendo unha profesión desenvolta principalmente por mulleres.

É preciso destacar a ausencia total de mulleres nas confrarías de Sada, Mera, Lorbé e Ares, se ben o volume de persoas asociadas a estas confrarías é relativamente baixo. A ausencia de mulleres vinculadas a estas confrarías explícase pola súa especialización na pesca, onde as mulleres continúan tendo unha presenza máis minoritaria.

Desta forma, só hai porcentaxes paritarias de presenza de socias e socios nas confrarías do Barqueiro, Cabo de Cruz e Muros, onde as mulleres supoñen o 52,2%, 42,9% e o 42,1% sobre o total da poboación pesqueira. Porén, a diferenza de tamaño entre as 3 confrarías é moi notable (23 persoas asociadas á confraría do Barqueiro, 324 en Cabo de Cruz e 167 persoas asociadas en Muros).

Táboa. Persoas asociadas ás confrarías de pescadores da provincia da Coruña, distribuídas por sexo. Ano 2023

Confraría de pescadores	Mulleres	Homes	Persoa xurídica	Total	Total (sen persoa xurídica)	% Mulleres
Provincia A Coruña	1.348	3.978	111	5.437	5.326	25,3%
A Coruña	24	91	7	122	115	20,9%
Aguiño-Carreira	51	182	0	233	233	21,9%
Ares	0	16	2	18	16	0,0%
Barallobre	34	73	3	110	107	31,8%
Cabo de Cruz	139	185	0	324	324	42,9%
Caión	3	17	0	20	20	15,0%
Camariñas	79	142	7	228	221	35,7%
Camelle	14	48	0	62	62	22,6%
Cariño	9	49	5	63	58	15,5%
Cedeira	16	112	17	145	128	12,5%
Corcubión	13	49	0	62	62	21,0%
Corme	5	51	2	58	56	8,9%
Espasante	7	11	1	19	18	38,9%
Ferrol	29	163	1	193	192	15,1%
Fisterra	7	114	3	124	121	5,8%
Laxe	1	70	0	71	71	1,4%
Lira-Carnota	4	33	0	37	37	10,8%
Lorbé	0	21	0	21	21	0,0%
Malpica	12	184	0	196	196	6,1%
Mera	0	29	0	29	29	0,0%
Miño	8	17	0	25	25	32,0%
Mugardos	23	46	2	71	69	33,3%
Muros	67	92	8	167	159	42,1%
Muxía	15	140	2	157	155	9,7%
Noia	492	849	5	1.346	1.341	36,7%
O Barqueiro-Bares	12	11	0	23	23	52,2%
O Pindo	6	10	0	16	16	37,5%
Palmeira	6	20	0	26	26	23,1%

Confraría de pescadores	Mulleres	Homes	Persoa xurídica	Total	Total (sen persoa xurídica)	% Mulleres
Pobra do Caramiñal	60	119	0	179	179	33,5%
Pontedeume	13	38	0	51	51	25,5%
Porto do Son	7	67	6	80	74	9,5%
Portosín	6	202	16	224	208	2,9%
Rianxo	162	352	4	518	514	31,5%
Ribeira	24	314	17	355	338	7,1%
Sada	0	61	3	64	61	0,0%

Fonte: Consellería do mar

Os datos de persoas asociadas ás confrarías de pescadores permiten analizar a cantidade de empresarias e traballadoras vinculadas ás confrarías de pescadores.

Como se observa na seguinte táboa, as mulleres asociadas ás confrarías vincúlanse de maneira maioritaria como traballadoras (1.182), mentres que 166 son empresarias. As mulleres supoñen o 9,1% das persoas asociadas como empresarias nas confrarías; e o 33,8% das traballadoras.

Son as confrarías do norte da provincia as que maiores porcentaxes de mulleres empresarias concentran, co Barqueiro á cabeza (33,3%), seguida por Miño (20%), Camariñas (18,8%) e Ferrol (18%). Se ben, estas porcentaxes continúan amosando unha predominancia masculina.

En canto á porcentaxe de mulleres traballadoras asociadas ás confrarías, destacan Muros (62,7%), O Barqueiro (58,8%) e Espasante (58,3%).

Táboa. Mulleres asociadas ás confrarías de pescadores da provincia da Coruña distribuídas segundo empresarias e traballadoras. 2023

Confraría de pescadores	Empresarias	Traballadoras	Total Mulleres	% Empresarias	% Traballadoras	% Mulleres sobre total de persoas asociadas
Provincia A Coruña	166	1.182	1.348	9,1%	33,8%	25,3%
A Coruña	1	23	24	1,7%	40,4%	20,9%
Aguiño-Carreira	11	40	51	11,5%	29,2%	21,9%
Ares	0	0	0	0,0%	0,0%	0,0%
Barallobre	4	30	34	10,5%	43,5%	31,8%
Cabo de Cruz	15	124	139	14,3%	56,6%	42,9%
Caión	0	3	3	0,0%	18,8%	15,0%
Camariñas	12	67	79	18,8%	42,7%	35,7%
Camelle	5	9	14	13,2%	37,5%	22,6%
Cariño	0	9	9	0,0%	31,0%	15,5%
Cedeira	3	13	16	8,8%	13,8%	12,5%
Corcubión	1	12	13	4,2%	31,6%	21,0%
Corme	0	5	5	0,0%	12,8%	8,9%
Espasante	0	7	7	0,0%	58,3%	38,9%

Confraría de pescadores	Empresarias	Traballadoras	Total Mulleres	% Empresarias	% Traballadoras	% Mulleres sobre total de persoas asociadas
Ferrol	18	11	29	18,0%	12,0%	15,1%
Fisterra	2	5	7	3,4%	8,1%	5,8%
Laxe	0	1	1	0,0%	2,3%	1,4%
Lira-Carnota	0	4	4	0,0%	28,6%	10,8%
Lorbé	0	0	0	0,0%	0,0%	0,0%
Malpica	3	9	12	6,5%	6,0%	6,1%
Mera	0	0	0	0,0%	0,0%	0,0%
Miño	1	7	8	20,0%	35,0%	32,0%
Mugardos	0	23	23	0,0%	35,9%	33,3%
Muros	3	64	67	5,3%	62,7%	42,1%
Muxía	2	13	15	8,3%	9,9%	9,7%
Noia	40	452	492	10,5%	47,1%	36,7%
Barqueiro-Bares	2	10	12	33,3%	58,8%	52,2%
O Pindo	0	6	6	0,0%	40,0%	37,5%
Palmeira	0	6	6	0,0%	50,0%	23,1%
Pobra do Caramiñal	3	57	60	4,1%	54,3%	33,5%
Pontedeume	0	13	13	0,0%	44,8%	25,5%
Porto do Son	2	5	7	5,6%	13,2%	9,5%
Portosín	5	1	6	16,1%	0,6%	2,9%
Rianxo	25	137	162	14,0%	40,9%	31,5%
Ribeira	8	16	24	4,1%	11,3%	7,1%
Sada	0	0	0	0,0%	0,0%	0,0%

Fonte: Consellería do mar

Ademais, os datos recibidos por parte da Consellería do Mar sobre a poboación pesqueira permiten visibilizar a cantidade de mulleres nas distintas ocupacións do mar asociadas ás confrarías de pescadores.

Se ben a profesión que reúne a maior número de mulleres é o **marisqueo a pé (809 mulleres**, das 1.348 socias en total), é importante sinalar as **323 mariscadoras a flote** (con Noia como máximo expoñente), e as **123 mulleres na pesca de baixura mediante artes menores** (salientando Rianxo, que concentra 59 mulleres).

Nun nivel máis minoritario, destacamos as **22 percebeiras a pé e as 19 percebeiras dende embarcación** (12 delas en Camelle). Ademais, **9 mulleres extraen solénidos dende embarcación**, **6 xestionan viveiros flotantes**, **5 dedícanse á pesca de baixura con cerco**, **4 recollen poliquetos a pé**, **3 mulleres dedícanse á pesca de altura e grande altura**, e **1 muller dedícase á extracción de algas**. Na categoría "outros" sitúanse 23 mulleres.

A continuación amosamos táboas coa distribución das mulleres, homes, e porcentaxe segundo a profesión que desenvolven e o concello de referencia.

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Táboa: Número de mulleres e profesión nas confrarías da provincia da Coruña. 2023.

Confraría	Marisqueo a pé	Marisqueo dende embarcación	Outros	Marisqueo a pé con embarcación auxiliar	Viveiros flotantes	Pesca altura e grande altura	Pesca arrastre do litoral	Pesca baixura artes menores	Pesca baixura, cerco	RE: Algas	RE: equinodermos	RE: percebe a pé	RE: percebe dende embarcación	RE poliquetos a pé	RE poliquetos dende embarcación	RE solénidos dende embarcación	Total
A Coruña	23	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	24
Aguíño-Carreira	0	51	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	51
Ares	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Barallobre	26	0	0	1	0	0	0	7	0	0	0	0	0	0	0	0	34
Cabo de Cruz	122	16	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	139
Caión	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	0	0	0	0	3
Camariñas	49	24	0	0	0	0	0	5	1	0	0	0	0	0	0	0	79
Camelle	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	12	1	0	0	14
Cariño	7	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	9
Cedeira	13	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	2	0	0	0	16
Corcubión	11	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	13
Corme	4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	5
Espasante	7	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	7
Ferrol	1	0	7	0	0	0	0	20	0	1	0	0	0	0	0	0	29
Fisterra	0	0	0	0	0	0	0	3	0	0	0	4	0	0	0	0	7
Laxe	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Lira-Carnota	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	4
Lorbé	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Malpica	0	0	0	0	0	0	0	1	3	0	0	8	0	0	0	0	12
Mera	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Miño	7	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	8
Mugardos	23	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	23
Muros	54	8	0	0	2	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	2	67
Muxía	0	0	0	0	0	3	0	1	0	0	0	6	5	0	0	0	15
Noia	286	206	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	492
O Barqueiro-Bares	10	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	12
O Pindo	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	3	0	0	6
Palmeira	6	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6
Pobra do Caramiñal	53	1	0	0	1	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	4	60
Pontedeume	12	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	13
Porto do Son	2	0	0	0	0	0	0	5	0	0	0	0	0	0	0	0	7
Portosín	0	0	0	0	0	0	0	6	0	0	0	0	0	0	0	0	6
Rianxo	87	13	0	0	3	0	0	59	0	0	0	0	0	0	0	0	162
Ribeira	0	4	16	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	3	24
Sada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Táboa: Número de homes e profesión nas confrarías da provincia da Coruña. 2023

Confraría	Marisqueo a pé	Marisqueo dende embarcación	Outros	Marisqueo a pé con embarcación auxiliar	Viveiros flotantes	Pesca altura e grande altura	Pesca arrastre do litoral	Pesca baixura artes menores	Pesca baixura, cerco	RE: Algas	RE: equinodermos	RE: percebe a pé	RE: percebe dende embarcación	RE: poliquetos a pé	RE: poliquetos dende embarcación	RE: solénidos dende embarcación	Total
A Coruña	21	13	0	0	0	0	0	49	1	0	0	6	0	1	0	0	91
Aguiño-Carreira	0	180	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	182
Ares	0	0	0	0	0	0	0	7	9	0	0	0	0	0	0	0	16
Barallobre	16	0	0	20	0	0	0	37	0	0	0	0	0	0	0	0	73
Cabo de Cruz	68	85	0	0	28	0	0	4	0	0	0	0	0	0	0	0	185
Caión	0	0	0	0	0	0	0	8	0	0	0	9	0	0	0	0	17
Camariñas	3	25	1	0	0	1	0	57	55	0	0	0	0	0	0	0	142
Camelle	0	0	0	0	0	0	0	6	0	0	0	0	42	0	0	0	48
Cariño	3	0	0	0	0	0	0	38	8	0	0	0	0	0	0	0	49
Cedeira	4	0	0	0	0	0	0	80	0	0	0	0	28	0	0	0	112
Corcubión	3	0	0	0	0	0	0	41	0	0	0	0	0	0	0	5	49
Corme	12	0	0	0	0	0	0	39	0	0	0	0	0	0	0	0	51
Espasante	4	0	0	0	0	0	0	7	0	0	0	0	0	0	0	0	11
Ferrol	20	0	31	0	0	0	0	97	0	7	0	8	0	0	0	0	163
Fisterra	0	0	0	0	0	0	0	92	0	0	0	7	5	0	0	10	114
Laxe	0	0	1	0	0	0	0	64	5	0	0	0	0	0	0	0	70
Lira-Carnota	3	0	0	0	0	0	0	22	0	0	3	0	4	1	0	0	33
Lorbé	0	0	0	0	0	0	0	21	0	0	0	0	0	0	0	0	21
Malpica	0	0	0	0	0	0	0	72	85	0	0	13	12	2	0	0	184
Mera	0	0	0	0	0	0	0	27	0	0	0	2	0	0	0	0	29
Miño	13	3	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	17
Mugardos	40	0	0	0	0	0	0	6	0	0	0	0	0	0	0	0	46
Muros	19	29	0	0	4	0	2	19	0	0	1	0	0	0	1	17	92
Muxía	0	0	0	0	0	64	0	20	0	0	0	35	17	0	0	4	140
Noia	93	734	0	0	0	0	0	15	0	0	0	0	0	0	0	7	849
O Barqueiro-Bares	1	0	0	0	0	0	0	10	0	0	0	0	0	0	0	0	11
O Pindo	4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	3	0	2	0	0	10
Palmeira	1	1	0	0	0	0	0	18	0	0	0	0	0	0	0	0	20
Pobra do Caramiñal	35	49	0	0	22	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	11	119
Pontedeume	8	19	0	0	0	0	0	4	7	0	0	0	0	0	0	0	38
Porto do Son	3	0	0	0	0	0	0	47	17	0	0	0	0	0	0	0	67
Portosín	0	0	0	0	0	0	0	41	161	0	0	0	0	0	0	0	202
Rianxo	49	102	0	0	20	0	0	181	0	0	0	0	0	0	0	0	352
Ribeira	0	109	126	0	0	0	0	63	0	0	0	0	1	0	0	15	314
Sada	1	0	0	0	0	0	0	10	50	0	0	0	0	0	0	0	61

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Táboa: Porcentaxe mulleres sobre o total en cada profesión, nas confrarías da provincia da Coruña. 2023

Confraría	Marisqueo a pé	Marisqueo dende embarcación	Outros	Marisqueo a pé con embarcación auxiliar	Viveiros flotantes	Pesca altura e grande altura	Pesca arrastre do litoral	Pesca baixura artes menores	Pesca baixura, cerco	RE: Algas	RE: equinodermos	RE: percebe a pé	RE: percebe dende embarcación	RE: poliquetos a pé	RE: poliquetos dende embarcación	RE: solénidos dende embarcación	Total
A Coruña	52,3%	0,0%						2,0%	0,0%			0,0%		0,0%			20,9%
Aguíño-Carreira		22,1%						0,0%									21,9%
Ares								0,0%	0,0%								0,0%
Barallobre	61,9%			4,8%				15,9%									31,8%
Cabo de Cruz	64,2%	15,8%			0,0%			20,0%									42,9%
Caión								0,0%				25,0%					15,0%
Camariñas	94,2%	49,0%	0,0%			0,0%		8,1%	1,8%								35,7%
Camelle								14,3%					22,2%	100,0%			22,6%
Cariño	70,0%							5,0%	0,0%								15,5%
Cedeira	76,5%							1,2%					6,7%				12,5%
Corcubión	78,6%							4,7%								0,0%	21,0%
Corme	25,0%							2,5%									8,9%
Espasante	63,6%							0,0%									38,9%
Ferrol	4,8%		18,4%					17,1%		12,5%		0,0%					15,1%
Fisterra								3,2%				36,4%	0,0%			0,0%	5,8%
Laxe			0,0%					1,5%	0,0%								1,4%
Lira-Carnota	57,1%							0,0%			0,0%		0,0%	0,0%			10,8%
Lorbé								0,0%									0,0%
Malpica								1,4%	3,4%			38,1%	0,0%	0,0%			6,1%
Mera								0,0%				0,0%					0,0%
Miño	35,0%	0,0%						50,0%									32,0%
Mugardos	36,5%							0,0%									33,3%
Muros	74,0%	21,6%			33,3%		0,0%	5,0%			0,0%				0,0%	10,5%	42,1%
Muxía						4,5%		4,8%				14,6%	22,7%			0,0%	9,7%
Noia	75,5%	21,9%						0,0%								0,0%	36,7%
O Barqueiro-Bares	90,9%							16,7%									52,2%
O Pindo	33,3%							0,0%				25,0%		60,0%			37,5%
Palmeira	85,7%	0,0%						0,0%									23,1%
Pobra do Caramiñal	60,2%	2,0%			4,3%			33,3%								26,7%	33,5%
Pontedeume	60,0%	0,0%						0,0%	12,5%								25,5%
Porto do Son	40,0%							9,6%	0,0%								9,5%
Portosín								12,8%	0,0%								2,9%
Rianxo	64,0%	11,3%			13,0%			24,6%									31,5%
Ribeira		3,5%	11,3%					1,6%					0,0%			16,7%	7,1%
Sada	0,0%							0,0%	0,0%								0,0%

O **marisqueo a pé** é unha actividade tradicionalmente desenvolta por mulleres en Galicia, ligada á economía de subsistencia nos seus inicios. Na actualidade é un dos sectores que congrega a un maior número de mulleres do mar na provincia da Coruña: **809 mulleres**.

O marisqueo a pé é a técnica mediante a que se recollen os bivalvos (ameixas e berberechos) na costa galega. As mariscadoras empregan ferramentas como o rastrillo, a gancha e os medidores para recolectar os bivalvos, e cubos ou carros para o seu transporte. Toda a actividade está regulada nos plans de explotación, que planifican e acordan as confrarías de pescadores en colaboración coa Consellería do Mar. As mariscadoras a pé teñen a súa representación nas Agrupacións de marisqueo (dentro da estrutura societaria das confrarías de pescadores), que organizan os traballos produtivos e non produtivos (semente de zonas, limpeza de praias, vixilancias, etc). Se ben o marisqueo a pé foi tradicionalmente unha actividade desenvolta por mulleres, cada vez máis homes forman parte desta actividade, que foi conquistando melloras laborais grazas ao asociacionismo.



Mariscadoras Cabo de Cruz



Mariscadoras Cabo de Cruz



Mariscadora A Pobra do Caramiñal



Mariscadora A Pobra do Caramiñal

As datas do traballo de campo coinciden coa campaña previa ao Nadal, unha das épocas máis intensas de carga de traballo para estas profesionais. No 2023, sen embargo, as fortes chuvias e as altas temperaturas centran as preocupacións das mulleres do mar. A mortalidade do produto pesqueiro e a súa escaseza provocaron peches de campaña en diversos territorios da provincia da Coruña.

Entender o impacto do cambio climático e as súas repercusións no medio mariño e nos produtos pesqueiros son unha das necesidades expresadas polas mulleres do mar entrevistadas.

Ademais, a nivel laboral destaca a dificultade de sosterse economicamente desenvolvendo esta profesión en exclusiva. A concepción tradicional do marisqueo como actividade complementaria aos ingresos domésticos continúa tendo un peso nos ingresos anuais que reporta esta actividade laboral. Os días de traballo e os tempos de dedicación á actividade permiten ás profesionais compatibilizar outros traballos complementarios. O colectivo do marisqueo a pé apostou firmemente polo turismo mariñeiro como reforzo da actividade principal, dando a coñecer o mundo do mar a turistas e escolares, e reforzando a visibilidade do traballo desenvolto no mar.

As profesións do mar asóciase a outras dificultades relacionadas cos efectos na saúde da exposición á humidade, ás temperaturas extremas, e ao esforzo físico. Así mesmo, o traballo ao aire libre en distintos areas dificulta dispoñer de equipamentos para mudar as roupas de traballo ou estar a cuberto nos puntos de control.

A maior necesidade sinalada polos grupos de traballadoras do marisqueo durante o traballo de campo foi a falta de axudas en situacións de cese de actividade como a que están sufrindo na actualidade, xa que provoca unha merma moi importante dos seus ingresos.

O **marisqueo a flote** trátase da recollida de bivalvos dende embarcacións. A técnica e as ferramentas son distintas ás empregadas no marisqueo a pé, xa que a flote as ganchas teñen mangos moito máis alongados para chegar ao fondo mariño. Tradicionalmente, o marisqueo a flote era desenvolto por homes (rañeiros), aínda que sempre houbo presenza de **rañeiras: na actualidade son 323**.

Os principais retos aos que se enfronta o marisqueo a flote son compartidos co marisqueo a pé, tendo que ver co medio ambiente: as zonas de maior produtividade están sufrindo importantes baixadas de produción nas zonas marisqueiras. O aumento da temperatura das augas, o cambio das correntes mariñas, os vertidos contaminantes con saída ao mar, os incendios e as riadas, entre outras, están mingando a produción dos produtos.

As mulleres no sector primario están presentes tamén como **mariñeiras**. Os datos da Consellería do Mar amosan un total de **131 mariñeiras vinculadas ás confrarías de pescadores, unha actividade laboral que reúne a 1.673 homes**. As mulleres mariñeiras continúan tendo unha presenza no sector moito menor que os seus compañeiros. Cabe destacar a relevancia dun grupo de 59 mulleres na frota de artes menores en Rianxo, xunto coas 20 mariñeiras ferrolás, tamén de artes menores.

Así mesmo, as **percebeiras na costa da Coruña forman un colectivo de 41 mulleres** (22 a pé e 19 dende embarcación). Elas supoñen o 21% das profesionais do colectivo que extrae percebe a pé, e o 14,8% extraendo percebe a flote.

Destacan tres territorios que reúnen á maioría de percebeiras: Camelle conta con 12 percebeiras dende embarcación, Malpica ten un grupo de 8 percebeiras, e Muxía conta con 6 percebeiras a pé.

A súa profesión consiste na extracción e preparación para a venda de crustáceos adheridos ás rochas en zonas de alta exposición ao oleaxe, ás que se accede a pé dende a costa, ou a nado dende embarcación. Esta actividade é unha profesión con

moitos riscos, e que require unha atención total durante o período de extracción, así como un fondo físico importante para combinar o constante movemento entre as rochas e as olas.



Percebeira en Aguiño



Percebeira en Aguiño



Percebeira en Aguiño



Percebeira en Aguiño



Percebeira de Camelle



Percebeira de Camelle

Na elaboración deste mapa quixemos ampliar á mirada tamén ás mulleres que forman parte das **estruturas das confrarías de pescadores**, como entidades con especial relevancia na representación do sector e no ordenamento do proceso produtivo.

Realizouse unha consulta ás 35 confrarías de pescadores da provincia da Coruña, das que obtivemos 29 respostas (o 82%). As últimas eleccións ás confrarías de pescadores tiveron lugar a finais do ano 2022, onde se votaron aos e ás representantes en cada territorio.

No período actual non existe ningún territorio cuxo máxima representación sexa ostentada por unha muller. Os 35 patróns maiores das confrarías de pescadores da provincia da Coruña son homes. Foron elixidas 6 vicepatroas primeiras, e 5 vicepatroas segundas. Así mesmo, nas Xuntas Xerais das confrarías as mulleres supoñen o 19,24% sobre o total de representantes.

Consultamos, ademais, a existencia de patroas maiores no pasado, recollendo 11 mulleres que, dende o ano 2000 foron a persoa máis visible á fronte das confrarías do seu territorio. As confrarías con patroas maiores no pasado foron A Coruña, Barallobre, Cabo de Cruz, Camariñas, Cedeira, Corme, Espasante, Ferrol, Miño, Mugardos e Pontedeume.

Estes datos amosan unha infrarepresentación das mulleres nestes espazos de toma de decisións. Se ben é certo que existen cuestións xerais que explican en parte esta desigualdade (falta de cultura participativa en xeral, dificultade de que as persoas se presenten aos postos, confrarías nas que a presenza das mulleres é moi baixa, entre outras), existen tamén cuestións de xénero, no sector pesqueiro e na sociedade, que non se deben pasar por alto: unha maior carga dos coidados asumida polas mulleres, a infravaloración das propias capacidades para acceder aos postos de representación, ou unha cultura que supervisa e penaliza ás mulleres líderes, entre outras. É destacable, por tanto, a necesidade de continuar traballando na sensibilización e promoción da igualdade entre mulleres e homes, continuar apoiando ás mulleres na presentación de candidaturas e nas súas propostas, e aprendendo de distintos liderados.


Ademais, complementamos a solicitude de información coa **composición do cadro de persoal** das confrarías. Os datos recibidos amosan unha maioría de mulleres nos postos de secretaría (19), e administración (33), así como biólogas - asistencias técnicas (21). Pola súa banda, os homes son maioría nas vixilancias (53 homes e 3 mulleres).



Mulleres na
transformación do
produto pesqueiro

As mulleres na industria da transformación de produtos pesqueiros

A obtención de información para mapear ás mulleres vinculadas aos procesos de transformación de produtos pesqueiros elaborouse mediante os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística nas CNAEs 1021 (procesado de peixe, crustáceos e moluscos) e 1022 (fabricación de conservas de peixe).



Procesado de peixe, crustáceos e moluscos (CNAE 1021): contémplanse as persoas traballadoras na elaboración de produtos conxelados, ultraconxelados ou refrixerados de peixe, crustáceos, moluscos, algas mariñas, entre outros. Comprende tamén aquelas persoas dedicadas á elaboración e conservación de peixe en embarcación (barco – factoría), como as e os traballadores na desconxelación do peixe, eliminación de cabezas, destripado e corte de pezas para o posterior conxelado.

A industria de transformación de produtos pesqueiros é fundamental nas zonas costeiras con maior dinamismo da provincia da Coruña. Neste caso as mulleres superan en número aos homes, sendo o procesado de peixe, crustáceos e moluscos unha profesión desenvolta maioritariamente por mulleres. Dos 886 profesionais dados de alta na Seguridade Social neste epígrafe, 550 son mulleres (62,07%).

As zonas de Boiro, Arteixo e Ribeira (localidades arredor dos principais portos pesqueiros da provincia), son as que maior número de mulleres congregan: 112, 109 e 102 respectivamente, con porcentaxes de feminización superiores ao 70%.

Ademais desta segregación horizontal, sería interesante afondar na segregación vertical, coñecendo en que postos específicos se sitúan as mulleres e os homes da industria, así como outros indicadores como o nivel salarial ou a conciliación.

Táboa. Persoas afiliadas á CNAE procesado de peixe, crustáceos e moluscos distribuídas por sexo e concello. 2023.

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Total A Coruña	550	336	886	62,08 %
Pobra do Caramiñal, A	58	114	172	33,72 %
Arteixo	109	40	149	73,15 %
Boiro	112	33	145	77,24 %
Ribeira	102	42	144	70,83 %
Cambre	79	43	122	64,75 %
Muros	22	31	53	41,51 %
Porto do Son	34	11	45	75,56 %
Culleredo	25	17	42	59,52 %
Outes	4	X	4	100,00 %
Rianxo	4	X	4	100,00 %
Cariño	0	X	0	62,08 %
Camariñas	0	X	X	
Sada	X	0	X	

Fonte: IGE.

X: segredo estatístico. Existen menos de 3 persoas vinculadas a esta CNAE neste territorio.

Fabricación de conservas de peixe (CNAE 1022): comprende as actividades de conservación de peixe, crustáceos, moluscos e algas mariñas (secado, salgadura, salmoira, enlatados ou afumados). Así mesmo, encádranse neste epígrafe profesionais dedicadas á produción de produtos derivados como filetes de peixe, ovas, caviar ou sucedáneos. As e os profesionais dedicados á fabricación de produtos a base de peixe para consumo humano e animal, á produción de comidas e produtos a partir de peixe non apto para consumo humano, e á elaboración de fariñas de peixe tamén se contemplan neste epígrafe.

O traballo nas fábricas conserveiras está fortemente feminizado. Do total de 4.802 persoas cotizando neste epígrafe na Seguridade Social, 3.205 son mulleres, que supoñen o 66,7% da man de obra nas fábricas conserveiras.

O Barbanza é un territorio de referencia neste sector, xa que os concellos de Arousa Norte concentran unha gran cantidade de traballadoras: Ribeira (927), A Pobra do Caramiñal (900) e Boiro (811). É salientable tamén a presenza de mulleres na industria conserveira no concello de Carballo, cun total de 580 persoas, concello no que se sitúa unha empresa conserveira de gran tamaño.

Ademais das empresas conserveiras referentes na provincia, existen empresas de menor tamaño que elaboran conservas artesanais, situadas ao longo da zona costeira.

É nestas empresas de menor tamaño onde o equilibrio na presenza de mulleres e homes é maior (Camariñas, Dodro, Carnota ou Cerceda).

Táboa. Persoas afiliadas á CNAE fabricación de conservas de peixe distribuídas por sexo e concello. 2023.

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
A Coruña	3.205	1.597	4.802	66,74 %
Ribeira	927	618	1.545	60,00 %
Pobra do Caramiñal, A	900	353	1.253	71,83 %
Boiro	811	280	1.091	74,34 %
Carballo	367	213	580	63,28 %
Rianxo	52	18	70	74,29 %
Camariñas	36	30	66	54,55 %
Dodro	31	28	59	52,54 %
Carnota	36	10	46	78,26 %
Bergondo	10	9	19	52,63 %
Cariño	16	X	16	100,00 %
Cerceda	7	6	13	53,85 %
Coruña, A	3	10	13	23,08 %
Cee	X	7	7	
Porto do Son	4	3	7	57,14 %
Cambre	X	5	5	
Mazaricos	0	X	X	
Muxía	0	X	X	
Muros	X	0	X	
Outes	X	X	X	
Santiago de Compostela	0	X	X	

Fonte: IGE.

X: segredo estatístico. Existen menos de 3 persoas vinculadas a esta CNAE neste territorio.

As mulleres da conserva destacan como retos fundamentais na actualidade a consecución dunha maior estabilidade laboral, xa que o seu traballo organízase por campañas ligadas aos produtos pesqueiros, e as traballadoras son contratadas en función destes períodos. Así mesmo, salientan que é preciso un maior recoñecemento das condicións ambientais asociadas ao posto de traballo (frío, humidade), e os movementos repetitivos e as posturas necesarias para desenvolver a súa profesión. A redución da idade de xubilación tamén é un dos temas que destacan as traballadoras de maior idade.

Así mesmo, destacan avances nos dereitos laborais con respecto ao pasado, sobre todo no relativo ás cotizacións sociais e ás baixas por maternidade, e tamén aprecian avances importantes nas ferramentas de traballo e maquinaria. Salientan a importancia das compañeiras á hora de aprender o oficio, e tamén o compañeirismo e apoio entre traballadoras.



Mulleres na
comercialización do
produto pesqueiro

As mulleres na comercialización dos produtos pesqueiros

Un dos puntos finais da cadea de valor da pesca é a súa comercialización. Neste sector, analizamos a presenza de mulleres tanto no comercio maiorista como no minorista, dada a importancia en Galicia da figura das peixeiros.

O Comercio maiorista de peixe, mariscos e outros produtos alimenticios (CNAE 4638) comprende todas as persoas cuxa actividade profesional é a venda ao maior dos produtos do mar. Inclúe o comercio de produtos alimenticios para animais domésticos. Nesta CNAE ocúpase case 2.000 persoas na provincia da Coruña, das que un terzo (**623**) son mulleres maioristas.

Gran parte de profesionais concéntranse no Concello da Coruña (case 600, dos que o 27,59% son mulleres, 165) dada a importancia da Lonxa da Coruña como punto de comercialización de produtos do mar. O seguinte porto no que se da maior concentración de profesionais comercializadores é Ribeira, con 270 persoas, das que 91 son mulleres (o 33,7%).

É importante mencionar que estes dous portos son dos cinco mais importantes en Galicia (xunto con Vigo, Celeiro e Burela), tanto a nivel de facturación anual como de toneladas de produtos pesqueiros descargados, polo que os e as maioristas concéntranse arredor destes territorios.

Táboa. Persoas afiliadas á CNAE comercio maiorista de peixe e mariscos distribuídas por sexo e concello. 2023.

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Total A Coruña	623	1.259	1.882	33,10 %
Coruña, A	165	433	598	27,59 %
Ribeira	91	179	270	33,70 %
Cambre	62	71	133	46,62 %
Bergondo	28	68	96	29,17 %
Narón	28	44	72	38,89 %
Cedeira	17	27	44	38,64 %
Pobra do Caramiñal, A	26	17	43	60,47 %
Camariñas	23	18	41	56,10 %
Boiro	15	23	38	39,47 %
Santiago de Compostela	7	31	38	18,42 %
Ferrol	9	28	37	24,32 %
Muros	19	17	36	52,78 %
Sada	10	26	36	27,78 %
Carral	19	16	35	54,29 %
Noia	8	22	30	26,67 %
Oleiros	12	18	30	40,00 %
Culleredo	8	20	28	28,57 %
Ames	5	22	27	18,52 %

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Carballo	3	22	25	12,00 %
Fisterra	X	17	17	
Porto do Son	5	11	16	31,25 %
Laracha, A	X	15	15	
Arteixo	X	14	14	
Cee	3	11	14	21,43 %
Rianxo	5	7	12	41,67 %
Carnota	6	4	10	60,00 %
Teo	3	6	9	33,33 %
Mazaricos	X	8	8	
Malpica de Bergantiños	4	3	7	57,14 %
Vilasantar	4	3	7	57,14 %
Fene	3	3	6	50,00 %
Melide	X	6	6	
Santa Comba	X	6	6	
Zas	X	5	5	
Boqueixón	3	0	3	100,00 %
Oroso	X	3	3	
Ortigueira	X	3	3	
Outes	3	X	3	100,00 %
Aranga	X	0	0	
Abegondo	0	X	X	100,00 %
Arzúa	0	X	X	
Brión	0	X	X	
Cabana de Bergantiños	0	X	X	
Cabanas	0	X	X	
Cerceda	X	X	X	
Coirós	0	X	X	
Corcubión	X	X	X	
Coristanco	0	X	X	
Dodro	0	X	X	
Dumbría	X	X	X	
Irixoa	0	X	X	
Laxe	0	X	X	
Mañón	X	X	X	
Miño	X	X	X	
Muxía	X	X	X	
Neda	0	X	X	
Paderne	0	X	X	
Padrón	0	X	X	
Ponteceso	0	X	X	
Pontedeume	0	X	X	
Roís	0	X	X	
Valdoviño	X	X	X	
Vedra	X	X	X	
Vimianzo	X	0	X	

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Cariño	X	X	X	

Fonte: IGE.

X: segredo estatístico. Existen menos de 3 persoas vinculadas a esta CNAE neste territorio.

O comercio minorista de peixe e mariscos en establecementos especializados (CNAE 4723) comprende a todas as profesionais dedicadas ao comercio ao retallo de peixe, mariscos e derivados.

O colectivo de peixeiras e peixeiros está formado na provincia da Coruña por un total de 641 persoas. Esta profesión está composta por case un 70% de mulleres, sendo a comercialización nas prazas de abastos unha profesión tradicionalmente desempeñada por mulleres. **As peixeiras da Coruña forman un colectivo de 445 mulleres.**

A cidade da Coruña é o territorio onde existe maior concentración de profesionais, dada a densidade de poboación da cidade: 160 mulleres dedícanse á venda de peixe e marisco nas prazas de abastos e establecementos especializados neste concello.

O seguinte concello con maior número de profesionais en venda minorista de peixe e marisco é Santiago de Compostela, con 49 profesionais (27 mulleres). No resto de concellos existe presenza de peixeiros e peixeiras, con maior presenza nas vilas de costa que nas de interior. En todos os territorios predomina o número de mulleres sobre o de homes, a excepción de Cedeira.

Táboa. Persoas afiliadas á CNAE comercio minorista de peixe e mariscos, por sexo e concello. 2023.

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Total A Coruña	445	196	641	69,42 %
Coruña, A	160	63	223	71,75 %
Santiago de Compostela	27	22	49	55,10 %
Sada	15	12	27	55,56 %
Boiro	17	8	25	68,00 %
Arteixo	16	8	24	66,67 %
Ferrol	14	8	22	63,64 %
Culleredo	11	6	17	64,71 %
Rianxo	10	6	16	62,50 %
Noia	15	X	15	100,00 %
Oleiros	12	3	15	80,00 %
Teo	9	4	13	69,23 %
Carballo	6	5	11	54,55 %
Pobra do Caramiñal, A	11	X	11	100,00 %
Camariñas	5	5	10	50,00 %
Cambre	7	3	10	70,00 %
Narón	10	X	10	100,00 %
Porto do Son	6	3	9	66,67 %
Ribeira	9	0	9	100,00 %
Malpica de Bergantiños	4	3	7	57,14 %
Fisterra	6	0	6	100,00 %
Melide	6	0	6	100,00 %

As mulleres do mar na provincia da Coruña

Concello	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Pontedeume	6	X	6	100,00 %
Ares	5	X	5	100,00 %
Betanzos	5	X	5	100,00 %
Mugardos	5	X	5	100,00 %
Ames	4	X	4	100,00 %
Miño	4	X	4	100,00 %
Ortigueira	4	0	4	100,00 %
Carral	3	0	3	100,00 %
Cedeira	X	3	3	
Cee	3	0	3	100,00 %
Padrón	3	0	3	100,00 %
Cariño	3	X	3	100,00 %
Outes	X	X	0	
Aranga	X	0	X	
Arzúa	X	0	X	
Bergondo	X	0	X	
Boimorto	0	X	X	
Carnota	0	X	X	
Cerceda	X	0	X	
Corcubión	0	X	X	
Fene	X	X	X	
Laxe	X	0	X	
Laracha, A	X	0	X	
Mazaricos	X	0	X	
Mesía	X	0	X	
Monfero	0	X	X	
Muxía	X	X	X	
Neda	X	X	X	
Ponteceso	X	X	X	
Pontes de García Rodríguez, As	0	X	X	
Trazo	X	X	X	
Valdoviño	X	X	X	
Vedra	X	0	X	

Fonte: IGE.

X: segredo estatístico. Existen menos de 3 persoas vinculadas a esta CNAE neste territorio.

As peixeiras destacan a importancia de dar a coñecer o seu traballo, xa que hai unha parte invisible ao público xeral e que comeza horas antes de mostrar o produto pesqueiro nos postos. O oficio das peixeiras comeza de madrugada, consultando os prezos en liña que ofrecen algunhas lonxas da provincia. O desprazamento ás lonxas principais (A Coruña ou Ribeira), son habituais neste colectivo, escollendo o produto pesqueiro descargado das embarcacións minutos antes ás poxas. A modernización das lonxas nos últimos anos foi notable, e tamén o aumento da presenza de mulleres neste espazo de venda, que era eminentemente masculino dende a administración, seguridade, lonxeiros e compradores. Na actualidade existe maior paridade na presenza de homes e mulleres.



Unha vez adquiridos os produtos pesqueiros, cárganse nos vehículos e transportáanse aos postos de venda das peixeiras. Esta profesión foi desenvolvida tradicionalmente por mulleres, sendo unha peza fundamental na comercialización dos produtos pesqueiros da maior calidade pola súa frescura.

O produto fresco e a proximidade coa clientela son os puntos fortes das peixeiras, autónomas na súa maioría. Entre as dificultades asociadas ao desenvolvemento do seu traballo sinalan as condicións de humidade e temperatura, así como riscos laborais como as superficies esvaradizas. O recoñecemento de enfermidades profesionais sería un paso fundamental para mellorar as súas condicións laborais. Así mesmo, destacan a importancia de ser tamén recoñecidas como mulleres do mar, xa que forman unha peza importante da cadea de valor do sector.

Por último, o reto máis importante ao que se enfronta a profesión ten que ver co cambio de hábitos da veciñanza, que cada vez máis opta por mercar o produto pesqueiro en grandes superficies. Os horarios máis amplos, o descoñecemento xeral da sociedade sobre o produto pesqueiro, e a comodidade de realizar a totalidade das compras nun mesmo establecemento son cuestións que as peixeiras identifican como razóns polas que as persoas compran con menor asiduidade nas prazas de abastos.



Peixeira en Mugardos




Redeiras

Redeiras

As redes de pesca son un elemento fundamental para que as pescadoras e os pescadores poidan desenvolver a súa labor no mar. É preciso elaborar e construír as estruturas destes aparellos, e mantelos en bo estado reparándoos ante as roturas. Unha labor caracterizada pola especialización, a experiencia e a artesanía. Existen distintas artes de pesca, entre as que destacan o cerco, as artes menores e o palangre na provincia da Coruña.

O traballo de reparación e elaboración das redes de pesca é un oficio tradicionalmente desenvolto por mulleres de familias mariñeiras. Para delimitar este colectivo tomamos como referencia as altas na Seguridade Social na CNO 7618, na que se encadran as redeiras.

Fotografía: captura de pantalla da capa redeiras



A solicitude de información ao Instituto Social da Mariña (ISM) amosa un colectivo de **197 redeiras** ao longo da costa da provincia. A recollida de datos por parte do ISM realízase por Dirección Provincial, contemplando a da Coruña e Vilagarcía de Arousa, polo que os datos poderían variar lixeiramente.

Para situar ás redeiras no mapa, optouse por sinalar aqueles lugares de referencia das asociacións sectoriais, xa que dende ANMUPESCA e O Peirao, Federación galega de redeiras artesás, hai coñecemento de que unha alta porcentaxe das redeiras galegas traballa asociada a un grupo máis extenso de mulleres.

Destacan así os territorios de Malpica (28 socias), Cariño (20 socias), Corme (17 socias), Porto do Son – Portosín (14 redeiras) e Cedeira (9 socias). É preciso ter en conta que as redeiras, na súa maioría agrupadas en asociacións sectoriais, desprázanse a portos situados noutros concellos da provincia cando é necesario.

Os datos sinalan que o sector pesqueiro enfróntase ao reto do relevo xeracional en todas as profesións, pero o caso das redeiras é especialmente relevante. O colectivo das redeiras diminuíu arredor da metade de profesionais nos últimos anos, e é un colectivo cunha idade media próxima á xubilación, polo que se espera que nos vindeiros anos o colectivo diminúa en maior medida.

Así mesmo, as redeiras en activo destacan entre os retos principais da profesión o recoñecemento das enfermidades profesionais, a promoción da formación regrada, e o acceso a espazos de toma de decisión.

Co paso dos anos o colectivo das redeiras foi conquistando dereitos e recoñecemento da profesión, ata a recente concesión do coeficiente redutor da idade de xubilación na Lei 5/2023 de Pesca sostible e Investigación pesqueira.

Por outro lado, o colectivo de redeiras destaca pola súa capacidade creativa e a xeración de alianzas con outras entidades e institucións. As redeiras galegas desenvolven proxectos de reciclaxe e recuperación de redes de pesca, deseño de produtos de moda, accesorios e mobiliario, e tamén desenvolven actividades de turismo mariñeiro e reciclaxe dos aparellos e materiais. Todas estas accións de diversificación da súa actividade principal deron ás redeiras galegas unha proxección e visibilidade moi altas máis alá de Galicia.



Redeira de Cariño



Redeiras de Cedeira



Redeira de Corme



Redeira de Malpica




Asociacións de
mulleres do mar

Asociacións de mulleres do mar

As mulleres do sector pesqueiro contan cunha ampla tradición asociativa. As institucións galegas xogaron un importante papel no apoio ao asociacionismo das mulleres do mar, destacando o traballo desenvolvido coas mariscadoras e pé e as redeiras galegas.

Fotografía: Capa de asociacións das mulleres do mar



Os colectivos de mulleres apropiáronse da importancia de traballar conxuntamente e fortalecéronse colectivamente para afondar na mellora das súas condicións laborais. Na actualidade existen agrupacións de marisqueo (incluídas nas confrarías de pescadores), asociacións sectoriais (salientando as redeiras galegas), e tamén asociacións de mulleres do mar, que engloban a todas aquelas traballadoras do sector pesqueiro que, con independencia da profesión que desenvolven, unen forzas para a promoción da igualdade e dos intereses das mulleres do sector pesqueiro.

Mais alá das iniciativas locais, sitúanse a nivel autonómico Mulleres Salgadas, Asociación galega de mulleres do mar; e O Peirao, Federación galega de redeiras artesás. A nivel nacional é ANMUPESCA, a Asociación Nacional de Mulleres da Pesca, quen aglutina a todas as entidades, englobando os intereses de 28 asociacións ao longo do Estado e representando a máis de 12.000 mulleres do sector pesqueiro.

Valorouse imprescindible sinalar no mapa das mulleres do mar ás asociacións, dada a súa importancia na promoción da igualdade. Recoñecer e visibilizar o papel das asociacións de mulleres do mar é un obxectivo fundamental deste proxecto. Cada punto do mapa permite visualizar as asociacións de mulleres do mar, describindo os avances conseguidos, así como o número de persoas asociadas ás entidades.



As mulleres do mar na provincia da Coruña

Táboa. Entidade de mulleres do mar, ámbito de acción, número de socias e contacto. 2023

Entidade	Ámbito	Número Socias	Contacto
ANMUPESCA	Nacional	12.000	info@anmupesca.org
O Peirao, Federación galega de redeiras artesás	Autonómico	128	info@redeirasdeg Galicia.org
Mulleres Salgadas	Autonómico	1.600	info@mulleressalgadas.es
Asociación de Mulleres do Sector Pesqueiro SEO Fisterra-Ría de Muros Noia	Comarcal	12	https://www.facebook.com/mullerescostasostible/
Asociación Profesional de redeiras de Cariño	Sectorial	20	carinho@redeirasdeg Galicia.org
Asociación de Redeiras de Cedeira	Sectorial	9	cedeira@redeirasdeg Galicia.org
Redeiras Illa da Estrela de Corme	Sectorial	15	illa-da-estrela@redeirasdeg Galicia.org
O Fieital de Malpica	Sectorial	26	o-fieital@redeirasdeg Galicia.org
Redeiras de Portosín	Sectorial	3	portosin@redeirasdeg Galicia.org
Redeiras de Porto do Son	Sectorial	14	virxe-do-carme@redeirasdeg Galicia.org
Asociación de mariscadoras de Cariño	Sectorial	4	
Asociación de mariscadoras Río Anllóns	Sectorial	30	
Asociación Mar da Pobra	Turismo mariñeiro	3	turismo@apobra.gal

Fonte: Elaboración propia

Conclusións

A Deputación da Coruña, en colaboración coa Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca (ANMUPESCA), desenvolveu este mapeo de mulleres do mar co obxectivo de dimensionar a un colectivo profesional extenso e fundamental nos territorios costeiros. As actividades profesionais relacionadas co sector pesqueiro teñen na nosa contorna unha gran relevancia económica, social e cultural, onde as mulleres son pezas fundamentais.

O mapeo das mulleres do mar parte da necesidade de obter datos relativos á cantidade de profesionais ligadas ao sector pesqueiro e ás industrias auxiliares. A obtención e análise de datos son sinalados en distintos documentos como piares fundamentais sobre os que poñer en marcha políticas públicas e medidas que promovan a igualdade de xénero nas actividades profesionais do mar.

A Ley 47/2015 define e recolle os colectivos profesionais comprendidos no Réxime Especial do Mar. Para elaborar este mapeo ampliouse o foco a outras actividades vinculadas ao sector pesqueiro e que forman parte da cadea de valor da pesca. O mapa elaborouse contemplando ao sector primario, á transformación e fabricación de conservas de produtos pesqueiros, así como á comercialización dos mesmos. Ademais, tívose en conta ás redeiras como parte fundamental do sector pesqueiro e con especial relevancia na provincia da Coruña.

As mulleres do mar en Galicia concéntranse fundamentalmente na industria conserveira, formada por un colectivo de 3.205 traballadoras. Máis en concreto, é a zona do Barbanza (Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Boiro) quen concentra a máis do 80% das traballadoras desta industria. Este colectivo profesional e industrial dá conta da importancia do mar nas zonas costeiras, sendo un importante motor económico e laboral.

O seguinte sector profesional con maior presenza de mulleres do mar é o da acuicultura, co marisqueo a pé como motor profesional das mulleres do sector primario vinculado ao mar. Neste caso, e dada a maior concreción dos datos da Consellería do Mar, tomamos esta información como referencia. As 809 mariscadoras a pé da provincia da Coruña forman un colectivo que conseguiu melloras nas súas condicións laborais grazas á súa unión. Xunto a elas, atópase o colectivo do marisqueo a flote, formado por 323 mulleres na captura de bivalvos dende embarcación. Neste caso, a confraría de Noia é o territorio con maior presenza de mulleres en ambas modalidades de marisqueo, con 492 socias.

Tanto o sector conserveiro como o do marisqueo a pé son sectores profesionais feminizados, xa que as mulleres supoñen o 60,74% de profesionais no caso das conservas, e o 65,6% no caso do marisqueo a pé. Por contra, no marisqueo a flote as mulleres supoñen o 19,3% das persoas desenvolvendo esta profesión na provincia da Coruña.

O procesado de peixes, crustáceos e moluscos tamén ten maior representación de traballadoras que de traballadores. Elas forman o 62% do colectivo profesional, que ocupa a 550 mulleres en poboacións próximas aos grandes portos pesqueiros: Boiro

(112 mulleres), Arteixo (109 mulleres) e Ribeira (102) concentran o groso de traballadoras nesta industria.

O seguinte colectivo con maior representación de mulleres na provincia da Coruña é o das peixeiras, recollidas na CNAE comercio minorista de peixe e mariscos. Sete de cada dez profesionais na comercialización minorista son mulleres, un colectivo de 445 profesionais con presenza en gran cantidade de concellos da provincia. Salienta a cidade da Coruña, con 160 peixeiras, dado o volume de poboación da cidade en relación ao resto de concellos.

As redeiras é un dos colectivos profesionais máis fortemente feminizados na cadea da pesca, xa que supoñen 9 de cada 10 profesionais nesta actividade. As redeiras galegas supoñen 3 de cada 4 profesionais no conxunto do Estado, e na Coruña son un total de 197 mulleres.

Estes colectivos profesionais vinculados ao mar son os que concentran maior número de mulleres que de homes, consideradas tradicionalmente actividades profesionais do mar feminizadas. Malia os pasos firmes acadados na promoción da igualdade no sector pesqueiro, os datos continúan reflectindo unha realidade diferenciada por sexos, reproducindo a concepción social de que os traballo do mar “en terra” son desenvolto fundamentalmente por mulleres.

No caso contrario atópanse as profesións vinculadas ao mar cunha ampla maioría de homes fronte a baixa presenza de mulleres. O comercio maiorista é un destes sectores, onde as mulleres supoñen o 33,1% do total de profesionais. Estas 623 maioristas desenvolven fundamentalmente a súa actividade vinculada ás grandes lonxas da provincia: A Coruña (165 maioristas mulleres e 433 maioristas homes), e Ribeira (91 maioristas mulleres e 179 maioristas homes).

Así mesmo, no sector primario (a excepción do marisqueo a pé) as mulleres continúan estando presentes en minoría en relación aos seus compañeiros. Tomando como referencia os datos da Consellería do Mar, as mulleres supoñen o 19,3% das profesionais no marisqueo a flote (323 rañeiras). No caso do percebe a pé, rexístranse 22 mulleres na provincia (salientando a Costa da Morte), que supoñen o 21% do colectivo profesional. No percebe dende embarcación figuran 19 mulleres (o 14,8% sobre o total), mentres que na captura de solénidos dende embarcación son 9 mulleres, que supoñen o 11,5% do colectivo.

As ausencias máis acusadas das mulleres danse na pesca mariña, onde non chegan ao 10% de presenza en ningunha modalidade de pesca. Na pesca de altura rexístranse 3 mulleres (4,4% sobre o total), na frota de cerco 5 mulleres (un 1,2% do total de profesionais nesta pesca de baixura), e na pesca con artes menores as mulleres son o 9,2% sobre o total: 123 mulleres.

É importante continuar reforzando a visibilidade das mulleres do mar naquelas profesións nas que son minoría, construíndo referentes para as novas xeracións. Os datos de evolución indican unha incorporación paulatina dos homes nas profesións do mar feminizadas (sobre todo no marisqueo a pé), pero non sucede o mesmo ao contrario: a incorporación das mulleres nas profesións masculinizadas avanza a un ritmo moito máis lento. Faise preciso, polo tanto, escoitar as necesidades das que xa están desenvolvendo a súa actividade profesional neste sector, e poñer en marcha medidas que reforcen a incorporación en igualdade de condicións para todas as

persoas. Así mesmo, faise preciso continuar erosionando os roles e estereotipos de xénero dende as idades máis cativas, para que as nenas e os nenos poidan proxectarse no futuro en todos os sectores profesionais.

Tendo en conta as a pesca mariña (CNAE 0311), acuicultura mariña (CNAE 0321), procesado de peixe, crustáceos e moluscos (CNAE 1021), fabricación de conservas de peixe (CNAE 1022), e o comercio ao maior (CNAE 4638) e minorista de peixe e mariscos (CNAE 4723), trátase dun colectivo do sector pesqueiro na Coruña de 15.217 persoas, das que o 41,9% son mulleres (6.380). Sinalamos, de novo, as limitacións deste sumatorio, por mor das duplicidades na cotización en distintas CNAEs, a falta de información a causa do segredo estatístico cando hai menos de 3 persoas nun concello para esa CNAE, e a exclusión nesta cifra de algúns colectivos profesionais como as redeiras ou as administrativas das confrarías de pescadores. Esta cifra é unha fotografía fixa, que orienta a dimensión do colectivo de mulleres do mar na provincia.

Coa súa presenza ao longo das actividades profesionais vinculadas ao mar, as mulleres da provincia da Coruña son unha peza fundamental para un sector profesional amplo e diverso, compartindo cos seus compañeiros desafíos e reivindicacións profesionais que apelan ao conxunto do sector pesqueiro (cambio climático, condicións laborais ou relevo xeracional), e retos específicos que enfrontan como mulleres do mar (condicións laborais, saúde laboral e recoñecemento de enfermidades profesionais, ou liderado e participación en espazos de decisión).

ANEXO 1. Fontes de información

Consellería do Mar (2023). Poboación pesqueira vinculada ás confrarías de pescadores. Consulta

Instituto Galego de Estatística (2023). Afiliacións á Seguridade Social nas CNAEs pesca mariña (CNAE 0311), acuicultura mariña (CNAE 0321), procesado de peixe, crustáceos e moluscos (CNAE 1021), fabricación de conservas de peixe (CNAE 1022), e o comercio ao maior (CNAE 4638) e minorista de peixe e mariscos (CNAE 4723). Consulta

Instituto Social da Mariña (2023). Afiliacións á Seguridade Social na CNO 7618:

Instituto Nacional de Estadística. *Descrición CNAE-2009*. <<https://www.cnae.com.es/lista-actividades.php>> [Consulta 10 de novembro de 2023]

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Plan para la igualdad de género en el sector pesquero y la acuicultura 2021 – 2027. <https://www.mapa.gob.es/es/prensa/220307planigualdaddegenerosectorpesquero_tcm30-614235.pdf> [Consulta 10 de novembro de 2023]

O Peirao, Federación galega de redeiras artesás (2022). *Estudo situación socio – laboral das redeiras de Galicia*. <<https://redeirasdegalicia.org/uploads/post-attachments/opeirao-redeiras-estudosociolaboral-comprimido.pdf>> [Consulta 10 de novembro de 2023]

Marta Ibáñez, Elisa García Mingo, Empar Aguado (2022). Mujeres en mundos de hombres: segregación ocupacional de género y mecanismos de cierre social de acceso en profesiones de dominación masculina. Sociología del trabajo 101. P. 329-343 <<https://dx.doi.org/10.5209/stra.81673>>

ANEXO 2: Folleto

Mulleres de mar

O mapa das mulleres do mar da provincia da Coruña visibiliza a súa presenza ao longo do territorio costeiro, poñendo en valor a contribución das mulleres ao sector pesqueiro.

O mapa permite dimensionar ás mulleres nos distintos colectivos profesionais: no sector primario, a transformación dos produtos pesqueiros, e a comercialización. O mapa recolle tamén ás asociacións de mulleres do mar na provincia da Coruña.



Se ben hai moito camiño percorrido, algunhas profesións do mar continúan estando fortemente feminizadas (redeiras, conservas), e outras masculinizadas (pescadores).

Non hai ningunha patroa maior nas 35 confrarías de pescadores.

Máis de 6.000
mulleres do mar

1 asociación nacional
2 asociacións de mulleres do mar
1 Federación
6 asociacións sectoriais



Mapa das mulleres
do mar



ANEXO 3: Infografías



AS PEIXEIRAS

"Das lonxas ás prazas de abastos"

As peixeiras comezan a súa xornada moi cedo, coincidindo coa poxa nas lonxas da provincia. Cargan as caixas con peixe e marisco fresco e o transportan aos seus postos nos mercados de abastos.

EN CIFRAS

(Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2023)

- 445 peixeiras

7 de cada 10 persoas no comercio minorista de produtos pesqueiros son mulleres

VENDENDO O PRODUTO FRESCO

- A comercialización de peixe é unha profesión tradicionalmente desenvolvida polas mulleres.
- É a actividade que ten maior presenza ao longo dos concellos, tamén dos de interior.

OS RETOS

- Promover a compra de peixe fresco nas prazas de abastos
- Recoñecemento de enfermidades profesionais relacionadas coas condicións laborais



AS REDEIRAS

"Sen pesca non hai redes, e sen redes son hai pesca"

As redeiras da provincia da Coruña elaboran e reparan as redes de pesca das embarcacións. Existen distintas artes de pesca, o que fai deste oficio tradicional un traballo especializado e artesanal

EN CIFRAS

Fonte: Instituto Social da Mariña, 2023

197 redeiras

- 6 asociacións
 - Porto do Son
 - Portosín
 - Corme
 - Malpica
 - Cedeira
 - Cariño
- O Peirao, Federación galega de redeiras artesás

OS RETOS

No 2023 apróbase o coeficiente reductor da idade de xubilación para o colectivo

- Recoñecemento de enfermidades laborais
- Mellora das condicións laborais

TECENDO O MAR

As redeiras da provincia da Coruña supoñen a metade das redeiras do Estado

É un colectivo altamente feminizado (o 94,2% son mulleres)



MULLERES DA CONSERVA

Este proceso manual e artesanal que transforma o produto pesqueiro (peixe, crustáceos e moluscos) é desenvolto fundamentalmente por mulleres. A industria conserveira galega, e en especial a zona do Barbanza, ten gran importancia na produción de conservas no Estado

DA ARTESANÍA Á INDUSTRIA

- A maioría das traballadoras concéntranse na zona do Barbanza, en 3 grandes empresas conserveiras.
- Ao longo da costa existen conserveiras artesanás.
- Os produtos pasan por procesos de procesado, lavado, salado, emparrillado, escurrido e presentación, desenvolto da man das mulleres.

EN CIFRAS

(Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2023)

Colectivo formado por 3.205 traballadoras

OS RETOS COLECTIVOS

- Maior estabilidade laboral, ao traballar por temporadas
- Recoñecemento das duras condicións laborais (humidade, frío, posturas e movementos repetitivos)
- Reducir a idade de xubilación

ANEXO 4: Material gráfico para redes sociais













Deputación
DA CORUÑA

